



## ESCOLA DE VERÁN EMAO 2022

Do 5 ao 26 de xullo de 2022

Expte. 1318/613

Dentro da programación prevista no Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios (PEMAO15), faise a seguinte Convocatoria de cursos de Verán a realizar entre os días 5 e 26 de xullo de 2022, dirixidos ás persoas interesadas, que cumpran os requisitos fixados indicados en cada un dos cursos.

### **CURSOS QUE SE CONVOCAN:**

#### **DEBUXO ARTÍSTICO E MODA E CONFECCIÓN: “DEBUXANDO TENDENCIAS”**

Impartido por Federico Fernández e Emma González, mestres destas especialidades na EMAO

Destinatarios/as: calquera persoa interesada

Datas: do 11 ao 21 de xullo de 10:00 a 13:00 horas (non fin de semana)

Duración: 36 horas

Obxectivo: Curso de interdisciplinaridade entre os obradoiros de Debuxo e Moda e Confección, no que nos centraremos en achegar o debuxo como forma de expresión na moda. Traballaremos con recursos do debuxo coma a liña e a mancha para expresar pezas de roupa. As proporción do corpo humano, o lugar da prenda no corpo, a análise de tendencias.. Ademáis trataremos a representación de tecidos, as texturas e caídas, costuras, adornos... Toda a información que pode dar un debuxo a un deseño de moda. Sairemos tamén a rúa para debuxar a figura humana captando as tendencias actuais.

Programa:

Obxectivo xeral: Achegamento básico ao debuxo aplicado ao figurín de moda: O obradoiro consiste na realización dunha serie de exercicios que axuden o alumnado a representar a figura humana como recurso de aplicación no deseño de prendas de roupa.

Contidos

Breve radiografía da ilustración de moda analizando imaxes dos grandes ilustradores da historia da moda.

Cofecer a morfoloxía do corpo humano, e aplicala aos figuríns de moda.

Cofecer os tecidos, texturas, caídas e enrrugas, e complementos e representalos por medio do debuxo.

Representar os elementos dunha peza de roupa ( Costuras, peches, petos, colos, mangas...)

Cofecer e aplicar as texturas visuais relativas os tecidos de roupa partindo de moldelos reais

Utilizar a liña, a mancha e as texturas visuais para a representación das formas.

Material a aportar polo alumnado:Block de debuxo acuarela formato A4. Lapis HB e 2B. Goma. Pequena caixa de acuarelas. Pincel de carga de auga. Estilógrafo negro 0,2 ou 0,4.

Alumnado máximo: 15

#### **SERIGRAFÍA ARTÍSTICA: “INTRODUCCIÓN Á SERIGRAFÍA”**

Impartido por Alba Pardo, mestra da EMAO desta especialidade.

Destinatarias: Calquera persoa interesada. Non se precisan cofecementos previos.

Datas: do 6 ao 18 de xullo, de 10 a 14:00 horas (non fin de semana)

Duración: 36 horas

Obxectivo: Achegamento básico ao mundo da serigrafía artesanal mediante técnicas fundamentais e as súas posibilidades expresivas.

Programa:

- Equipo, ferramentas e materiais básicos.

- Preparación de pantallas.
- Limpeza, emulsionado, insolado e revelado.
- Rexistro. Impresión Recuperación de pantallas.

Material a aportar polo alumnado: Rotuladores opacadores, cinta adhesiva, acetato tamaño mínimo A3, papeis e telas para estampar.

A orientación sobre a adquisición e características do material realizarase na primeira sesión do curso.

Alumnado máximo: 10

### **ARTESANÍA EN COIRO: “MOLDEADO ESTIVAL”**

Impartido por Pepe Pereira mestre desta especialidade na EMAO

Destinatarias: calquera persoa, sen necesidade de que teña coñecementos previos.

Datas: do 6 ao 15 de xullo, de 9:30 a 14:00 horas (non fin de semana)

Duración: 36 horas

Obxectivo: Aproveitando a calor do mes de xullo imos a realizar unha serie de pezas decorativas coa técnica do moldeado. O curso consistirá nunha aproximación ó coiro e as súas propiedades físicas; imos aproveitar a capacidade de adaptación ás superficies e a rixidez que se obtén cando seca: no mes de xullo os procesos serán máis rápidos e efectivos. Realizaranse cuncas, xarróns e colgantes.

Programa:

- ¿Qué é o Coiro?
- Tipos de coiro curtido.
- Moldeado decorativo.
- Molde e contramolde
- Ahormado.
- Moldeado efímero (con area)

Material a aportar polo alumnado: o material necesario apórtao a EMAO

Alumnado máximo: 10

### **CAIM-ZANFONA: “VERNIZADO A MONEQUIÑA”**

Impartido por Xaime Rivas, mestre da EMAO da especialidade

Destinatarias: Calquera persoa interesada

Datas: do 6 ao 21 de xullo, de 9:00 a 12:00 horas (non fin de semana)

Duración: 36 horas

Obxectivo: Prácticas de vernizado mediante a técnica tradicional de selado con pedra volcánica Pedra pómez

Programa:

- Elaboración dunha raspilla con restos de cinta de serra
- Preparado da táboa para a aplicación do verniz. (raspillado e lixado)
- Selado dos poros da madeira
- Elaboración do verniz
- Carga de verniz e lustrado

Material a aportar polo alumnado: Táboa de madeira de nogueira negra americana (600mm x 200mm x 10mm) / 2 pregos de lixa de grao 400 / 2 pregos de lixa de grao 600 / 2 pregos de lixa de grao 1000 / 2 botes plásticos con dosificador e tapa.

Alumnado máximo: 8

### **OURIVERÍA E CAIM GAITA: “TÉCNICAS DE TORNEADO APLICADAS Á OURIVERÍA”**



Impartido por Sandra de Jesús e Carlos Corral, mestres da EMAO destas especialidades

Destinatarias: persoas interesadas. Non se precisan coñecementos previos

Datas: do 5 ao 15 de xullo, de 10 a 14 horas (non fin de semana)

Duración: 36 horas

Obxectivo: Este curso céntrase na aprendizaxe das técnicas de limado e torneado. A través dunha serie de exercicios básicos, a man e co torno, o alumnado aprenderá estas técnicas para poder elaborar unha peza da súa elección e deseño propio, un centro de colar ou un broche a partir de barra de latón.

Programa:

Obxectivos:

Aprender a traballar e aplicar as técnicas e procedementos básicos do traballo co torno e do limado a man.

Aprender a traballar e aplicar as técnicas e procedementos básicos da Ourivaría, centrándonos na técnica de limado.

Aprender o manexo do torno e aplicación práctica de torneado con lima

Crear unha peza rematada (broche ou centro de colar) coas técnicas descritas e con un torneado de deseño propio.

Se da tempo poderíamos decorar a peza final con un engaste en tubo de unha circonita.

Contido:

Explicación do funcionamento dos talleres e a súa maquinaria e ferramentas

Explicación dos exercicios que serviran de práctica para o aprendizaxe.

Explicación e práctica das técnicas e procedementos que imos a tratar

Construción da peza final de deseño propio

Aplicación da articulación e peche que precise a peza, e acabados finais.

Metodoloxía teórico-práctica:

Materiais e ferramentas a empregar

Técnicas básicas de ourivaría para traballar o metal

Técnicas básicas de torneado mecánico para traballar o metal

Recrudemento e recocido do metal

Conformado do metal

Construción de tubo

Sistema de peche para o broche e sistema de articulación para o colar

Engaste en tubo (se dera tempo)

Acabados e montaxe

Material a aportar polo alumnado: Os materiais e consumíbeis que empregarán terán un custe aproximado de 12€ que se mercarán en conxunto, o primeiro día de curso se lles indicará o que precisan.

Alumnado máximo: 8

**TALLA E ESCULTURA EN MADEIRA E PINTURA: "NATUREZA GRAVADA"** (A abstracción da paisaxe como recurso expresivo para o gravado en técnicas mixtas)

Impartido por Rosa García e Darío Basso, mestres da EMAO das especialidades

Destinatarias: persoas cun interese artístico no campo da arte gráfica e a edición

Datas: do 11 ao 26 de xullo, de 10 a 13 horas (non fin de semana)

Duración: 36 horas

Obxectivo: Traballaremos a idea da paisaxe como concepto abstracto, a través do gravado como recurso expresivo.

Traballaremos con técnicas mixtas que nos achegarán ao gravado en relevo e o calcográfico; adquiriremos os recursos necesarios, o coñecemento, a aplicación de conceptos, linguaxes, métodos e técnicas que nos levarán á produción de obra gráfica como vía de expresión artística.

Programa:

A obra seriada, principios xerais:

- Clasificación das técnicas gráficas de gravado e estampaxe



Iniciación aos conceptos de gravado e estampaxe.

O monotipo. A imaxe impresa non seriada.

O gravado en relevo:

- Antecedentes históricos. A xilografía ao longo da historia, materiais , procesos e infraestruturas.
- O linograbado
- A Xilografía.
- O gravado calcográfico:

O collagraph

Carborundum

Material a aportar polo alumnado: Material de debuxo, 2 linóleo, 4 acetatos, cúter, tesoiras, papel de calco, papel de gravado. As necesidades poden variar algo en función do desenvolvemento do curso.

Alumnado máximo: 10

---

## INSCRIPCIÓN E CONDICIÓNS COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

Duración: 36 horas

Datas: entre o 5 e o 26 de xullo de 2022. Horario de mañá (consúltense datas e horarios específicos)

Lugar: Aulas e talleres da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

Prazas limitadas: ver número máximo de alumnos/as en cada curso

Inscripción:

Ata o 1 de xullo

Gratuíta. O alumnado so correrá cos gastos de material que se indica en cada un dos cursos.

Mediante envío de correo electrónico ao enderezo [emao@vigo.org](mailto:emao@vigo.org), cos seguintes datos (imprescindibles para ser admitido/a):

No "Asunto": [nome do curso]

Nome e apelidos do/a solicitante:

DNI:

Enderezo de correo electrónico no que desexan recibir a confirmación de admisión, se é o caso

### Admisión de solicitudes:

Non poderán inscribirse as persoas que estean matriculadas na EMAO no curso 2021-2022

Só se admiten persoas maiores de 16 anos.

Só serán válidas as solicitudes que cumpran estritamente as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso en concreto.

A inscrición farase por estrita orde de recepción do correo electrónico de solicitude, ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.

A confirmación da matrícula realizaraa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase á lista de reserva.

Vista a programación que antecede, **PROPONSE AO CONCELLEIROA DELEGADO DE EDUCACIÓN**, resolver o seguinte:

Aprobar a convocatoria e programación da Escola de Verán 2022 da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

CONCELLERÍA  
DE  
EDUCACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



Escola Municipal de Artes e Oficios

RO/

Vigo, nas datas rexistrada na sinatura dixital

O TÉCNICO RESPONSABLE DE EDUCACIÓN DE ADULTOS  
Rafael Ojea Pérez

CONFORME  
A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN  
M<sup>a</sup> José Loureiro Bada

## **DECRETO**

Á vista da PROPOSTA que antecede

## **RESOLVO**

Aprobar a convocatoria e programación da Escola de Verán 2022 da Escola Municipal de Artes e Oficios de Vigo

O CONCELLEIRO DELEGADO DE EDUCACIÓN  
Gorka Gómez Díaz

A Secretaria de Administración Municipal por delegación de funcións de data  
27.02.2020-Susana Gallardo Fariña.